CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| Documento<br>CONYI17I | Expediente<br>CON/48/2014 | |

## ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras acceso zonas altas da Almáciga - Ámbito Santa Clara-Basquiños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 331.777,71 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Salón Verde do Pazo de Raxoi do Concello de Santiago, 27 de outubro de 2014, ás 10 Horas.

**ASISTENTES:**
**Presidente:** D./Dª Teresa Gutiérrez López
**Vocales:** D./Dª. María Angeles Antón representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª. Diego Briega, arquitecto do Servizo de Obras e Proxectos.
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.
Tamén asisten: D. Oladapo Oladipo en representación da empresa COPCISA, S.A.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

| NÚMERO DE ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | NÚMERO DE REXISTRO | NOME DO LICITADOR |
|---|---|---|---|
| 1 | 09/10/2014 | 47.213 | JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL |
| 2 | 10/10/2014 | 47.629 | VIODER SL |
| 3 | 10/10/2014 | 47.632 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA |
| 4 | 10/10/2014 | 47.649 | ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, SA |
| 5 | 10/10/2014 | 47.677 | CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL |
| 6 | 10/10/2014 | 47.722 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL |
| 7 | 11/10/2014 | 47.756 | EXCAVACIONES MIDON |
| 8 | 11/10/2014 | 47.758 | ESPINA Y DELFIN SL |
| 9 | 11/10/2014 | 47.759 | CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL |
| 10 | 11/10/2014 | 47.761 | CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL |
| 11 | 11/10/2014 | 47.755 | CRC OBRAS Y SERVICIOS SL |
| 12 | 11/10/2014 | 47.757 | CONSTRUCCIONES Y VIALES KUPULA S.L. |
| 13 | 11/10/2014 | 47.764 | F. GOMEZ Y CIA, SL |
| 14 | 11/10/2014 | 47.763 | CYS HISPANIA |
| 15 | 11/10/2014 | 47.760 | 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, SL |
| 16 | 13/10/2014 * | 47.789 | COPCISA SA |
| 17 | 13/10/2014 * | 47.813 | T A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL |
| 18 | 14/10/2014 * | 48.032 | UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU |
| 19 | 14/10/2014 * | 48.035 | CONSTRUCCIONES OREGA SL |
| 20 | 14/10/2014 * | 48.093 | STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL |
| 21 | 14/10/2014 * | 48.095 | ATLANTICA DE CONSTRUCCION Y MEDIO AMBIENTE SL |
| 22 | 14/10/2014 * | 48.137 | PETROLAM A VEIGA, S.L |
| 23 | 15/10/2014 * | 48.341 | MARCONSA |

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación avaliables mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando a empresa T A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL , non acompaña as copias en CD da documentación presentada, polo que seguindo o criterio xa mantido en situacións análogas por distintas mesas de contratación celebradas neste concello, a mesa acorda a súa exclusión da licitación.

As ofertas admitidas son as seguintes:

CONCELLO DE SANTIAGO

| *Dependencia* | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| *Documento*<br>CONYI17I | *Expediente*<br>CON/48/2014 | |

| NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) | MELLORA 1 | MELLORA 2 | MELLORA 3 | MELLORA 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 313.994,43 € | 2 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| PETROLAM A VEIGA, S.L. | 281.247,96 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE, S.L. | 291.665,79 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 306.562,60 € | 5 | 0 | 2,00% | 3,00% |
| CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. | 295.746,65 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. | 295.613,94 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| COPCISA, S.A. | 331.346,40 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L. | 327.000,00 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| CYS HISPANIA, S.L. | 311.453,34 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 314.757,51 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| CONSTRUCCIONES Y VIALES KUPULA, S.L. | 281.977,88 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | 330.100,00 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L. | 292.324,28 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L. | 240.500,23 € | 4 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| ESPINA & DELFÍN, S.L. | 296.855,45 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| EXCAVACIONES MIDÓN, S.L. | 296.191,24 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 309.603,31 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L. * | 322.314,05 € | 5 | 0 | 1,00% | 1,00% |
| ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. | 313.729,00 € | 5 | 0 | 2,00% | 3,00% |
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | 251.155,73 € | 5 | 0 | 2,00% | 3,00% |
| VIODER, S.L. | 316.051,45 € | 5 | 1 | 1,96% | 2,96% |
| JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | 293.623,27 € | 5 | 1 | 2,00% | 3,00% |
| MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 313.994,43 € | 2 | 1 | 2,00% | 3,00% |

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliables mediante cifras.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONCELLO DE SANTIAGO

| *Dependencia* CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
|---|---|---|
| *Documento* CONYI17I | *Expediente* CON/48/2014 | |

**ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Obras acceso zonas altas da Almáciga - Ámbito Santa Clara-Basquiños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 331.777,71 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Salón Verde do Pazo de Raxoi do Concello de Santiago, 3 de novembro de 2014, ás 10:25 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Gutiérrez López
**Vocales:** D./Dª. Ramón Quiroga representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª. Diego Briega, arquitecto do Servizo de Obras e Proxectos.
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Reúnese a mesa de contratación co obxecto de tomar coñecemento da resolución do tribunal administrativo central de recursos contractuais que rexeita o criterio mantido ata o de agora nas mesas celebradas neste concello e que consistía en que a falta dunha ou das dúas copias en CD da documentación técnica aportada conlevaba a exclusión da licitación do licitador afectado, sen posibilidade de subsanación. A devandita resolución conclúe que esta forma de actuar rigurosa e formalista estaría en contra dos principios esenciais da contratción administrativa e da doctrina do tribunal, debendo dar un prazo de subsanación, procedendo nesta licitación que nos ocupa decidir si procede a aplicación desta resolución á situación do licitador T A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, excluído en aplicación do criterio agora rexeitado.

A este respecto, e ante as dúbidas suscitadas, a mesa acorda pedir un informe xurídico que conclúa si a resolución do tribunal resulta de aplicación a éste e a outros expedientes agora en marcha no Concello, e con que efectos.

s 10:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia<br>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
|---|---|---|
| Documento<br>CONYI17I | Expediente<br>CON/48/2014 | |

## ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras acceso zonas altas da Almáciga - Ámbito Santa Clara-Basquiños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 331.777,71 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2° andar, Urbanismo, Antiga Capela, 24 de novembro de 2014, ás 9:20 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Gutiérrez López
**Vocales:** D./Dª Reyes Leis Rodríguez, representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª. Diego Briega, arquitecto do Servizo de Obras e Proxectos.
Dª. Ana Gago, Viceinterventora Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Dase conta do informe solicitado na reunión anterior da mesa e emitido pola xefa de servicio de contratación no que se conclúe q ue procede a aplicación a esta licitación do criterio fixado polo tribunal administrativo central de recursos contractuais en relación ós supostos de omisión polos licitadores da súa obriga de presentar dúas copias da súa documentación en formato CD, no senso de que se lles debe conceder un prazo de tres días para subsanar esta deficiencia.

En consecuencia, e de conformidade co devandito informe, a mesa acorda conceder un prazo de tres días á empresa T A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO para que aporte as copias en CD da súa oferta.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS

**INFORME DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS**

**Asunto: Aplicación da Resolución nº 796/2014 do TACRC a un suposto análogo. CON/48/2014.**

**Antecedentes :**
Con data 27/10/2014 reuniuse a mesa de contratación para a apertura dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación avaliables mediante cifras ou porcentaxes das proposicións presentadas á licitación denominada " Obras acceso zonas altas da Almáciga–Ámbito Santa Clara-Basquiños",expte. CON/48/2014,resultando, segundo consta na correspondente acta, que *"a empresa T A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL, non acompaña as copias en CD da documentación presentada"* polo que a mesa de contratación acordou a súa exclusión en aplicación do establecido no artigo 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Nunha reunión posterior da mesa celebrada o 3 de novembro de 2014, se traslada aos seus membros a resolución ditada polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC) nun suposto similar (caso EIBISA NORTE en exclusión da proposición dunha empresa por non aportación dun CD), no que o citado Tribunal falla en contra da actuación da mesa de contratación ao considerar que supuxo unha actuación excesivamente formalista . Ante esta resolución, a mesa solicita a emisión dun informe xurídico que se manifeste sobre a pertinencia ou non de aplicar a doutrina expresada polo Tribunal a este suposto.

**Fundamentos Xurídicos:**

**Primeiro:** O TACRC emitiu en recentes datas dúas resolucións ante os recursos interpostos contra as decisións de exclusión de empresas adoptadas nas mesas de contratación en outros tantos expedientes tramitados polo Concello de Santiago.

Así, na **Resolución796/2014 "caso EIBISA NORTE SL**", a cuestión de fondo prantexada era a exclusión da empresa que non inclúe no sobre nº2 unha das copias de CD coa documentación do sobre en soporte dixital. A mesa acorda a súa exclusión en aplicación literal do prego de cláusulas administrativas particulares que establecía a obriga de presentar a documentación do sobre en soporte papel e en dúas copias en CD, e determinaba a exclusión da licitación á empresa que incumprira esta obriga.

O razoamento do Tribunal , coherente cos seus pronunciamentos en casos similares, céntrase na reiterada doutrina da JCCA, que á súa vez ten apoio na xurisprudencia do TS, e que se concreta en " *una doutrina favorable a la subsanación de los defectos formais en la documentación acreditativa del cumplimiento de los requisitos de los licitadores, pero no de la existencia del requisito en el momento en que sea exigible*", doutrina que se fundamenta na propia do Tribunal Constitucional en sentencias que datan do ano 1988, nas que expresamente sinala que " *... resultando obligada una interpretación presidida por el criterio de proporcionalidad entre la finalidad y entidad real del defecto advertido y las consecuencias que de su apreciación pueda seguirse para el ejercicio del derecho o de la acción, perspectiva que favorece la subsanación de defectos siempre que sea posible"*

En coherencia con estes fundamentos, o TACRC manifesta expresamente que a regra xeral é que os defectos formais da documentación son subsanables e, por isto, debe concederse ao licitador o

trámite de subsanación. O outorgamento dun prazo de subsanación resulta obrigado para a mesa (a xuízo do Tribunal) toda vez que esta debe garantir o cumprimento non só das normas senón tamén dos principios que rexen a contratación pública, singularmente os de igualdade na súa vertente de non discriminación e libre concorrencia e interpretar o prego de modo que eses principios teñan realización efectiva.

Nestes mesmos termos se manifesta novamente o TACRC na resolución 810/2014 ditada no "caso INGESAN " ditado con posterioridade, ante o recurso presentado por esta empresa contra a decisión da mesa de contratación de exclusión da empresa que non aporta un dos CD pero o achega en sobre pechado o propio día da apertura dos sobres.

**Segundo:** No suposto sobre o que se prantexa o presente informe, o licitador aporta a documentación en soporte papel, esquecendo a presentación da mesma en soporte dixital, (dous CD), polo que a mesa, en aplicación do prego, decide a súa exclusión da licitación.

O tenor literal deste prego é o mesmo que o aplicable nas licitacións obxecto de recurso e valoradas polo TACRC. Como nos anteriores supostos, obvio é que o licitador debeu adoptar a máxima dilixencia na preparación da súa proposición, polo que non debeu pasar por alto unha cláusula tan clara como á que estamos aludindo.

Sen embargo, a xuízo de quen subscribe, na situación na que nos atopamos, con dúas resolucións do TACRC estimatorias de recursos interpostos ante casos análogos nos que , tal e como se extracta nos parágrafos anteriores, o Tribunal manifesta que a mesa de contratación debe interpretar o prego de modo que os principios da contratación pública , e máis concretamente o de igualdade na súa vertente de non discriminación e libre concorrencia, teñan realización efectiva, as decisións das mesa de contratación deben aplicar esta doutrina antiformalista na que , como vimos , coinciden as máis altas instancias xurisdicionais (Tribunal Constitucional e Tribunal Supremo), a Junta Consutiva de Contratación Administrativa e o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Ben é certo que non estamos ante unha licitación susceptible de recurso ante o TACRC, pero a non aplicación desta doutrina xa consolidada podería vulnerar o principio de seguridade xurídica e, incluso sería contraditorio cos principios básicos do procedemento administrativo , pois a exclusión de plano da proposición da empresa TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL pola falta de aportación dos CD podería dar lugar, no seu momento procedimental , á interposición dun recurso contencioso administrativo que, coa interpretación antiformalista mantida pola xurisprudencia e doutrina [1], resultaría favorable ao recorrente.

**Conclusións:**
En atención aos razoamentos expostos, a xuízo de quen subscribe , a actuación da mesa de contratación no procedemento de licitación CON/48/2014 debe recoller o criterio expresado polo TACRC nas resolucións ditadas en supostos análogos ao que concorre e, en palabras do propio Tribunal, debe garantir o cumprimento non só das normas senón tamén dos principios que rexen a contratación pública, singularmente os de igualdade na súa vertente de non discriminación e libre concorrencia e interpretar o prego de modo que eses principios teñan realización efectiva, polo que

[1] **Neste mesmo senso antiformalista, Sentencia da Sala do Contencioso da Audiencia Nacional no recurso 92/2012.**

ASESORÍA XURÍDICA CONCELLO DE SANTIAGO

se recomenda outorgar ao licitador TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL o prazo de tres días soltos para a subsanación da falta de presentación da documentación do sobre nº2 en soporte informático, dúas copias idénticas en CD non regravable identificadas exteriormente co nome do licitador e denominación SOBRE Nº2 CON/48/2014, quedando excluída da licitación no caso de non aportarse esta documentación no prazo ofrecido ou de non conter os CD copias idénticas ao contido da documentación en papel.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2014
A Xefe do Servizo

Asdo. Rocío Montañés Fernández

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS CONCELLO DE SANTIAGO

Conforme o Dtor. da Asesoría Xurídica
Asdo. Juan M.Salguero del Valle

18.11.14

ASESORÍA XURÍDICA CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

| *Dependencia* | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| *Documento*<br>CONYI17I | *Expediente*<br>CON/48/2014 | |

## ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras acceso zonas altas da Almáciga - Ámbito Santa Clara-Basquiños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 331.777,71 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2º andar, Urbanismo, Antiga Capela, 1 de decembro de 2014, ás 10:30 Horas.

**ASISTENTES:**
**Presidente:** D./Dª Manuel Martínez Varela
**Vocales:** D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª. Diego Briega, arquitecto do Servizo de Obras e Proxectos.
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. José Ramón Alonso Fernández, en funcións de Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Dáse conta de que a empresa T A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO aporta no prazo outorgado as copias en CD da súa oferta económica, polo que a mesa acorda readmitila na licitación.

En consecuencia, procede levar a cabo a lectura da súa oferta económica, da que resulta:

| NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) | MELLORA 1 | MELLORA 2 | MELLORA 3 | MELLORA 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| T A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL | 331.777,71 € | 0 | 1 | 0 | 3.000 € |

Dase traslado desta documentación ós tecnicos municipais para a elaboración do informe valorativo das oefrtas presentadas.

Ás 10:35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

| *Dependencia* CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC | | |
|---|---|---|
| *Documento* CONYI17I | *Expediente* CON/48/2014 | |

ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Obras acceso zonas altas da Almáciga - Ámbito Santa Clara-Basquiños.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 331.777,71 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2º andar, Urbanismo, Antiga Capela, 4 de decembro de 2014 ás 11:40 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Gutiérrez López
**Vocales:** D./Dª. Alejandro Sánchez Brunete representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª. Diego Briega, arquitecto do Servizo de Obras e Proxectos.
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. José Ramón Alonso Fernández, en funcións de Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede ao análise do informe valorativo dos criterios de adxudicación avaliables en forma de cifras ou porcentajes, do que resulta que as empresas EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. e CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L atópanse incursas en situación de baixa desproporcionada ou temeraria, polo que acorda concederlles un prazo de cinco días para que aporten a documentación específica, que se lles requerirá de acordo coa proposta do arquitecto responsable da valoración e que ses considera necesaria a efectos xustificativos.

Ás 11: 45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

| CÓDIGO EXP | PROGRAMA | ÁREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN |
|---|---|---|
| P3O_1473 | Urbana Santiago Norte | 7_Accesibilidade e Mobilidade |
| **Expediente:** | USN-72-300_Acceso zonas altas ALMÁCIGA_ámbito Santa Clara-Basquiños | |
| **Asunto:** | Procedemento de licitación das obras (CON/48/2014)_Informe técnico sobre as ofertas presentadas | |

Redáctase o presente informe por encargo da mesa de contratación do Concello de Santiago correspondente á licitación das obras de referencia, co obxecto de determinar a existencia ou non de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, segundo os criterios establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rixe a licitación.

Ditos criterios son os seguintes:

***"Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.***
*Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.*
*Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopan nos seguintes supostos:*
*1.- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en mais de 25 unidades porcentuais.*
*2.- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en mais de 20 unidades porcentuais a outra oferta.*
*3.- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluirase para o cómputo da devandita media a oferta de contía mais elevada cando sexa superior en mais de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.*
*4.- Cando concorran catro ou mais licitadores, as que sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais a media aritmética das ofertas presentadas. non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en mais de 10 unidades porcentuais, calcularase unha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o numero das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía."*

Á vista dos mesmos e das actas das reunións da mesa, achégase a continuación unha táboa cos datos resultantes da aplicación do procedemento de cálculo antedito:


CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

| Nº DE ORDEN | LICITADOR | PRECIO (sen IVE) | TEMERIDAD PRIMERA MEDIA | SEGUNDA MEDIA | | TEMERIDAD Art. [illegible] |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | NECESARIEDAD | LISTADO SEGUNDA MEDIA | |
| 1 | JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | 293.623,27 € | | | 293.623,27 € | |
| 2 | VIODER, S.L. | 316.051,45 € | | | 316.051,45 € | |
| 3 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | 251.155,73 € | Temeridad | | 251.155,73 € | Temeridad |
| 4 | ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. | 313.729,00 € | | | 313.729,00 € | |
| 5 | CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L. | 322.314,05 € | | | 322.314,05 € | |
| 6 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 309.603,31 € | | | 309.603,31 € | |
| 7 | EXCAVACIONES MIDÓN, S.L. | 296.191,24 € | | | 296.191,24 € | |
| 8 | ESPINA & DELFÍN, S.L. | 296.855,45 € | | | 296.855,45 € | |
| 9 | CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L. | 240.500,23 € | Temeridad | | 240.500,23 € | Temeridad |
| 10 | CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L. | 292.324,28 € | | | 292.324,28 € | |
| 11 | CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | 330.100,00 € | | | 330.100,00 € | |
| 12 | CONSTRUCCIONES Y VIALES KUPULA, S.L. | 281.977,88 € | | | 281.977,88 € | |
| 13 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 314.757,51 € | | | 314.757,51 € | |
| 14 | CYS HISPANIA, S.L. | 311.453,34 € | | | 311.453,34 € | |
| 15 | JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L. | 327.000,00 € | | | 327.000,00 € | |
| 16 | COPCISA, S.A. | 331.346,40 € | | | 331.346,40 € | |
| 17 | TRANSFORMACIONES AGRARIAS ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L. | 331.777,71 € | | | 331.777,71 € | |
| 18 | UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. | 295.613,94 € | | | 295.613,94 € | |
| 19 | CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. | 295.746,65 € | | | 295.746,65 € | |
| 20 | STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 306.562,60 € | | | 306.562,60 € | |
| 21 | ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE, S.L. | 291.665,79 € | | | 291.665,79 € | |
| 22 | PETROLAM A VEIGA, S.L. | 281.247,96 € | | | 281.247,96 € | |
| 23 | MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 313.994,43 € | | | 313.994,43 € | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Primera media aritmética ofertas* | *301.982,27 €* | *Segunda media aritmética* | *301.982,27 €* |
| *Primer umbral inferior (temeridad)* | *271.784,04 €* | *Segundo umbral inferior* | *271.784,04 €* |
| *Umbral superior para segunda media* | *332.180,50 €* | | |

Polo tanto, teñen a consideración de anormais ou desproporcionadas por resultar inferiores ao umbral inferior (temeridad) as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

| |
|---|
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. |
| CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L. |

Canto á xustificación das ofertas, no Prego establécense os seguintes criterios para a apreciación ou non do carácter desproporcionado ou anormal:

*"Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:*
*1º .- Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.*
*2º .- Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.*
*3º .- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."*

Pola súa banda, o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece a este respecto, no seu artigo 152, punto 3:

